



Resolución provisional pola que se fai pública a relación de centros docentes públicos seleccionados e suplentes para participar nas actividades de inmersión lingüística en lingua inglesa “English Week” no curso 2016/2017 correspondentes aos cursos primeiro, segundo, terceiro e cuarto de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO).

Segundo os termos establecidos no artigo 9.2 da Orde de 12 de xullo de 2016 (DOG de 28 de xullo) pola que se regula a convocatoria e selección de centros docentes non universitarios sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para participar en actividades de inmersión lingüística en lingua inglesa, English Week, dirixidas ao alumnado de sexto curso de educación primaria e de educación secundaria obrigatoria, faise pública a resolución provisional dos centros públicos seleccionados de primeiro, segundo, terceiro e cuarto cursos de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO), xunto coas quendas correspondentes, así como os centros que quedan como suplentes e os centros excluídos, de acordo co anexo que se xunta.

A exposición pública desta resolución provisional no portal educativo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (<http://www.edu.xunta.es>) abre un prazo de cinco días naturais para efectuar reclamacións ou renuncias de acordo cos termos do artigo 9.4 da Orde de 12 de xullo de 2016.

Santiago de Compostela 14 de outubro de 2016

O presidente da comisión de selección



Asdo: Manuel Vila López

Subdirector xeral de ordenación e innovación educativa e formación do profesorado

NOTA: Por mor dunha maior axilidade na xestión, poden adiantar as posibles alegacións e /ou renuncias por correo electrónico ao enderezo: xsoie@edu.xunta.gal ou por fax ao número 981546550, o que non exclúe facelo polo segundo o procedemento administrativo establecido.